

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TRIBUNAIS DE INGLÉS (590011)

DATA PUBLICACIÓN: [16/06/2023]

A cualificación total da proba farase ponderando da seguinte maneira:

Parte A: 50 %

Parte B: 50 %

Estas dúas partes non terán carácter eliminatorio.

PARTE A. DESENVOLVEMENTO DO TEMA ESCRITO.

Cualificación: de 0 a 10 puntos

Ponderación: 50%

1. COÑECEMENTO CIENTÍFICO PROFUNDO E ACTUALIZADO DO TEMA

Domina os contidos do tema que se presenta.

Emprega os conceptos, a terminoloxía e a linguaxe técnica de xeito rigoroso, preciso e actualizado.

Ilustra os contidos con exemplos, esquemas, táboas, gráficos ou similares.

2. ESTRUTURA DO TEMA, DESENVOLVEMENTO COMPLETO E XUSTIFICACIÓN:

O tema axústase ao temario publicado no anexo III da Orde de 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, de 21 de setembro).

O tema presenta unha estrutura coherente e ordenada, incluíndo:

- Índice (adequado ao título do tema e ben estruturado e secuenciado).
- Introducción (xustificación, enfoque e relevancia do tema).
- Desenvolvemento dos apartados mencionados no índice.
- Conclusión (síntese, onde se relacionan todos os apartados do tema)
- Bibliografía (citas actualizadas e fidedignas).

3. EXPOSICIÓN DO TEMA:

Le de maneira fluída e áxil como resultado dunha expresión escrita correcta.

Non hai contradicións na expresión que evidencien unha lectura non literal do tema.

Exprésase de forma espontánea con gran fluidez e un pleno dominio da semántica, fonoloxía, léxico e gramática da lingua inglesa.

Exprésase de xeito natural, adecuado á situación comunicativa: a entoación empregada expresa matices de significado e axuda á comprensión da mensaxe. A pronunciación é clara e sen erros.

4. PRESENTACIÓN ESCRITA DO TEMA:

O texto presenta corrección léxica, ortográfica, gramatical, semántica, sintáctica e lingüística. O rexistro é apropiado.

O texto ten coherencia e cohesión empregando apropiadamente unha variedade de estruturas organizativas e unha ampla serie de mecanismos de cohesión.

Úsanse eficientemente formas lingüísticas empregadas para transmitir con precisión matices de sentido, acentuación, diferenciación e eliminación da ambigüidade.

A presentación é clara, limpa e sen erros.

A lectura debe corresponderse exactamente co que está escrito. A modificación durante a lectura de calquera parte do texto escrito pola persoa candidata suporá a invalidación da proba.

PARTE B: APTITUDE PEDAGÓXICA E DOMINIO DAS TÉCNICAS NECESARIAS PARA O EXERCICIO DOCENTE

Cualificación: de 0 a 10 puntos

Ponderación :50%

Ver a rúbrica da segunda proba da fase oposición 2 B (unidade didáctica) no anexo VII da Orde do 5 de decembro 2022(DOG do xoves 22 de decembro de 2022)

FASE DE CONCURSO:

Ver baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de ingreso no anexo II da Orde do 5 de decembro 2022(DOG do xoves 22 de decembro de 2022)